



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no terceiro trimestre do ano 2025.

Entidade	CIF	Tipo subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación
ASOCIACIÓN PRESTADORA DE SERVICIOS A XUVENTUDE SAGRADO CORAZÓN	G27118934	Nominativa	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN LUGO É BASKET	3410.48900	4.000,00 €	Presidencia
CLUB MIXRALLYSPORTS	G27826403	Nominativa	SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN RALLIE DA MARIÑA	3410.48900	23.000,00 €	Presidencia
SOCIEDAD DEPORTIVA ANTAS	G27124205	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA SECCIÓN FEMININA	3410.48900	3.000,00 €	Presidencia
CLUB DH GALICIA	G27421064	Nominativa	SUBVENCIÓN GASTOS TEMPADA	3410.48900	6.000,00 €	Presidencia
ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL DROCER	G27508605	Nominativa	CURSOS DE FORMACIÓN DEPORTIVA	3410.48900	20.000,00 €	Presidencia
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER LUGO	G28197564	Nominativa	LUGO MARCHA CONTRA O CANCRO	3410.48900	6.000,,00 €	Presidencia
PRETORIANOS CLUB	G27513282	Nominativa	PRETORIAN RACE 2025	3410.48900	7.000,00 €	Presidencia
MULTISPORTS GALICIA SL	B27266113	Nominativa	CROSS PONTE ROMANA	3410.48900	10.000,00 €	Presidencia
CLUB DE REMO CELEIRO	G27515683	Nominativa	ADQUISICIÓN EMBARCACIÓN E COMPLEMENTOS	3410.789	12.000,00 €	Presidencia
CLUB PIRAGUISMO CIDADE LUGO	G27107176	Excepcional	ADQUISICIÓN DUN BARCO DRAGÓN PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE INCLUSIVO EN LUGO	3410.789	12.230,22 €	Presidencia

Lugo, 3 de outubro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2754

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO (SECCIÓN DE FOMENTO)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA PRESIDENCIA (SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO - SECCIÓN DE FOMENTO) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2025

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola Presidencia (Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento) da Deputación Provincial de Lugo, no terceiro trimestre do ano 2025:

ÁREA PES (2023 - 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBJECTO / ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	REAL AERO CLUB	G27008341	Nominativa	Criterium aeronáutico	9250.48900	10.000,00	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	COMISARÍA DE POLICÍA DE LUGO	S2716002G	Nominativa	Día dos anxos custodios	9250.48900	2.250,00 (Especie)	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOC VECIÑOS PIÑEIRO-QUETESENDE LAXE BLANCA	G27365873	Excepcional	Obra e equipamento do local social	9250.789	10.149,07	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOC RECREATIVO CULTURAL OS DO 21	G27016468	Excepcional	Mantemento e funcionamento da entidade	9250.48911	21.839,29	1	Xunta de Goberno
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	DIOCESIS DE LUGO	R2700002E	Excepcional	Obras restauración igrexas da Diócesis de Lugo	9250.789	219.444,95	1	Xunta de Goberno
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN CULTURAL E VECIÑAL AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO	G27020981	Excepcional	Dotación de material para caseto do río	9250.789	2.992,50	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN CULTURAL E DE RECUPERACIÓN DE MEMORIA DE MULLERES RURAIS DE COLONIZACIÓN DE A TERRA CHA AS DA OUTRA OURELA	G19410760	Excepcional	Xornada de intercambio entre mulleres en Negueira de Muñiz	9250.48911	1.173,25	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN DE SENDERISMO TRABADA PASO A PASO	G27501873	Excepcional	Adquisición de equipamento	9250.48911	1.994,96	1	Presidencia

Lugo, 3 de outubro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2755

CONCELLOS**CERVO***Anuncio*

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 4 de setembro de 2025, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 20/2025, vía crédito extraordinario núm. 2/2025, dentro do vixente Presuposto Municipal para 2025 por non presentarse reclamacións contra o mesmo, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.749.525,09	0,00	2.749.525,09
2	Impostos indirectos	135.000,00	0,00	135.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.544.191,72	0,00	2.544.191,72
4	Transferencias corrientes	2.620.712,23	0,00	2.620.712,23
5	Ingresos patrimoniais	89.204,68	0,00	89.204,68
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	1.559.888,40	0,00	1.559.888,40
8	Activos financeiros	1.145.923,68	774.168,15	1.920.091,83
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	10.844.445,80	774.168,15	11.618.613,95

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	4.057.453,59	0,00	4.057.453,59
2	Gastos bens crtes e servizos	3.257.390,70	0,00	3.257.390,70
3	Gastos financeiros	5.000,00	0,00	5.000,00
4	Transferencias corrientes	325.040,00	0,00	325.040,00
5	Fondo de continxencia	15.000,00	0,00	15.000,00
6	Investimentos reais	3.184.561,51	774.168,15	3.958.729,66
7	Transferencias capital	0,00	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	10.844.445,80	774.168,15	11.618.613,95

Cervo, 8 de outubro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2779

Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 4 de setembro de 2025, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 19/2025, vía suplemento de crédito núm. 2/2025, dentro do vixente Presuposto Municipal para 2025 por non presentarse reclamacións contra o mesmo, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.749.525,09	0,00	2.749.525,09
2	Impostos indirectos	135.000,00	0,00	135.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.544.191,72	0,00	2.544.191,72
4	Transferencias corrientes	2.620.712,23	0,00	2.620.712,23
5	Ingresos patrimoniais	89.204,68	0,00	89.204,68
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	1.559.888,40	0,00	1.559.888,40
8	Activos financieros	1.122.923,68	23.000,00	1.145.923,68
9	Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	10.821.445,80	23.000,00	10.844.445,80

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	4.057.453,59	0,00	4.057.453,59
2	Gastos bens crtes e servizos	3.257.390,70	0,00	3.257.390,70
3	Gastos financieros	5.000,00	0,00	5.000,00
4	Transferencias corrientes	325.040,00	0,00	325.040,00
5	Fondo de continxencia	15.000,00	0,00	15.000,00
6	Investimentos reais	3.161.561,51	23.000,00	3.184.561,51
7	Transferencias capital	0,00	0,00	0,00
8	Activos financieros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	10.821.445,80	23.000,00	10.844.445,80

Cervo, 8 de outubro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2780

CHANTADA*Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 2/10/2025 acordou aprobar inicialmente a modificación parcial da relación de postos de traballo RPT do concello de Chantada.

De conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei do emprego público de Galicia o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 20 días hábiles, na Secretaría deste Concello, período durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións, suxerencias ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado e publicarase o texto íntegro no BOP de Lugo.

Chantada, 3 de outubro de 2025.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2756

O INCIO

Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía de data 07/10/2025, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un posto de **Peón de Servizos Múltiples**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), durante 6 meses, ao abeiro do programa da Deputación Provincial de Lugo “*Reforzo do Emprego*” (Plan Deputación 2025).

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 08:00 a 15:00 horas, durante o prazo de **cinco (5) días hábiles**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello do Incio (Lugo) (<https://concellooincio.sedelectronica.gal/>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellooincio.sedelectronica.gal/> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

O Incio, 7 de outubro de 2025.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2781

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2025, adoptou entre outros o acordo 1/356, polo que se acorda delegar as competencias no tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación das obras:

- Abastecemento de auga na parroquia de Pías (segunda fase). Obra incluída no Plan provincial único de cooperación 2024. Exp. ref. 2025/C002/000005.
- Rede de saneamento no núcleo de Saamasas, obra incluída no Plan provincial único de cooperación 2024. Exp. Ref. 2025/C002/000007.

Por todo o cal e con base ao sinalado no artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para xereal coñecemento.

Lugo, 3 de outubro de 2025.- O concelleiro delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude, por suplencia, Ana María González Abelleira.

R. 2757

AS NOGAIS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DE TARXETAS DE ACCESIBILIDADE

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2025 acordou aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da expedición de tarxetas de accesibilidade. O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP nº 180, do 7 de agosto de 2025.

Ao non se presentaren reclamacións durante o prazo de exposición pública, queda automaticamente elevado a definitivo o dito acordo plenario. Consonte ao disposto no artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, faise público o texto íntegro da ordenanza reguladora para xeral coñecemento, facendo constar que contra a aprobación definitiva pode interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DE TARXETAS DE ACCESIBILIDADE

Artigo 1. OBXECTO

Ten por obxecto a presente ordenanza a regulación a nivel municipal da expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade e de accesibilidade de usuarios previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade e nos artigos 50,51, 52 e 53 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro polo que se aproba respectivamente o regulamento de desenvolvemento e execución da lei antes citada, coa fin de favorecer o uso dos transportes privados por persoas con graves problemas de mobilidade e para que o seu titular poda gozar de facilidades de estacionamento e como documento acreditativo da situación de discapacidade en orde a favorecer o uso e goze dos transportes públicos.

Artigo 2. BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarios da tarxeta de estacionamento con carácter persoal e intransferible, aquelas persoas con discapacidade que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polo Equipo de valoración e Orientación (EVO), dependentes das seccións de cualificación e valoración de discapacidade, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

2. Terán dereito á expedición da tarxeta de accesibilidade aqueles interesados aos que se lles expidira certificado de discapacidade, polos equipos de valoración e orientación, dependentes das seccións de cualificación e valoración de discapacidades.

Artigo 3. SOLICITUDES.

Presentaranse segundo o modelo oficial nas dependencias municipais, acompañando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Certificado de discapacidade.

Artigo 4. DEREITOS DERIVADOS DAS TARXETAS.

1. A titularidade da tarxeta de estacionamento dá dereito a:

- a) Utilización das prazas de aparcadoiro reservadas polo Concello con carácter permanente, e que estarán debidamente sinalizadas para vehículos que transporten as persoas titulares destas tarxeta.
- b) Autorización para que os vehículos ocupados polas ditas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil.
- c) Ampliación do límite de tempo, se este estivese establecido, para aparcadoiro de vehículos titulares desta tarxeta.

2. A tarxeta de accesibilidade de usuarios dará dereito ao seu titular a gozar dos beneficios a que se refire a lei e o regulamento anteriormente citados.

Artigo 5. MODALIDADES DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO.

Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física, poderá utilizala en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade, e sexa o titular da tarxeta o condutor do vehículo ou non.

Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluír a matrícula ou matriculas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade.

Cando se faga uso dos dereitos que confire esta tarxeta, esta colocarse na parte interior do parabrisas dianteiro de forma que resulte claramente visible dende o exterior.

O modelo de tarxeta axustarase ás características sinaladas no Anexo III do regulamento, que se establece no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Artigo 6. EXPEDICION DAS TARXETAS.

O expediente iniciárase a instancia da persoa interesada.

O Concello de As Nogais remitirá copia da solicitude ao Equipo de Valoración e Orientación (EVO) da correspondente Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, para a realización do informe preceptivo que será vinculante para a resolución do procedemento, sendo competente para a súa concesión ou denegación a Alcaldía.

En caso de que a cualificación da discapacidade sexa permanente, a tarxeta caducará aos 10 anos da concesión, e en caso de que a cualificación da diminución sexa provisional, caducará cando remate o prazo que esta indique. Para a renovación seguirase o mesmo procedemento que para a concesión inicial.

Artigo 7. RÉXIME SANCIONADOR.

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de estacionamento de maneira reiterada e debidamente probada, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de 2 anos, debendo o interesado volver iniciar o procedemento para a súa nova expedición.

Así mesmo no suposto de incumprimento da obriga establecida no artigo 5 respecto á colocación da tarxeta no vehículo, poderá conlevar a retirada do vehículo da vía pública.

DISPOSICION ADICIONAL.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación integra no BOP de Lugo, sendo de aplicación a partir dese mesmo día ata a súa derogación ou modificación expresa.

As Nogais, 3 de outubro de 2025.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2758

SAMOS

Anuncio

Presentada no Concello de Samos proposta de “cambio” de 19 contedores de recollida do lixo, propiedade do Concello, da marca formato verde modelo back bin carga traseira, valorados en 9.025,00 euros, e que na actualidade non se están utilizando porque non se poden recoller polos “camións do lixo municipais”, por 61 da marca Sulo Ibérica modelo cityback de 800 litros, moi parecidos aos 19 do Concello, pero que si poden ser manipulados polo camión do lixo, e que valoran tamén en 9.025,00 euros.

Ó obxecto de que calquera empresario poida presentar oferta para concorrir á permuta mobiliaria plantexada ábrese un prazo de quince días hábiles a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo deste anuncio para a presentación das mesmas no rexistro xeral do Concello de Samos.

Samos, 2 de outubro de 2025.- A alcaldesa, D.ª María Jesús López López.

R. 2759

O VICEDO

Anuncio

D. JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de O Vicedo, provincia de Lugo, en cumplimiento de lo preceptuado en el artículo 63 de la Ley 5/97, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia, en relación con los artículos 43 y siguientes del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de noviembre, con motivo de mi ausencia de este término municipal y al objeto de que me sustituya la Primera Teniente de Alcalde, doña María del Pilar Otero Insua, vengo en delegar la totalidad de las atribuciones y funciones que me confiere la legislación vigente, comprendiendo tanto la facultad de dirigir los servicios correspondientes como la de gestionarlos en general, incluida la facultad de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceros, desde el día 6 hasta el día 13 de octubre de 2025, ambos incluidos.

Notifíquese al interesado y publíquese la presente resolución en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, de conformidad con lo establecido en la legislación aplicable.

O Vicedo, 3 de outubro de 2025.- El alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2760
